



OBRADOIRO DE ACUARELA

Dirixido polo pintor e acuarelista Manuel Gandullo

A Concellería de Cultura do Concello de Culleredo, coñecedor da afección e interese polas artes plásticas de moitos veciños/as, organiza o primeiro obradoiro de acuarela.

Para posibilitar o coñecemento desta técnica artística por primeira vez en Culleredo.

Obxectivos:

Coñecemento dunha das técnicas de pintura á auga: Acuarela.

Trátase principalmente en profundizar un pouco máis neste mundo da pintura con acuarelas, dende un mínimo coñecemento previo, dado que non é un obradoiro para iniciar dende o máis básico. Non obstante, coñeceremos máis detalladamente os materiais a utilizar.

Coñecemento dos distintos materiais para pintar acuarelas:

O Papel: A súa preparación ou montaxe previa á execución da obra, así como as distintas gramaxes, superficies, presentación e marcas máis usadas polos profesionais que podemos encontrar no mercado, e que influirán no acabado das obras. Encolado e tensado do mesmo.

Pinceis: Breve coñecemento sobre os pinceis de acuarela con relación a outras técnicas, clases do pelo, formas, marcas, conservación, etc.

Pigmentos: Presentación das acuarelas máis frecuentes no mercado, calidades, conservación e aproveitamento.

Cabalete tipo trípode ou atril de mesa, paleta para acuarela, soporte do papel (un simple taboleiro), recipiente para a auga, lapis e goma de borrar (tipo plastilina).

- Optimizar os distintos materiais e, sobre todo, os distintos graos de humidade do papel.

- Como pintar acuarelas sobre húmido.

- Acuarela sobre seco.

- Acuarela seco sobre húmido.

- Como facer degradados, lavados, rascados, reservas de brancos.

- Efectos varios.

- Elección de temas máis axeitados para cada un.

- Pigmentos, fundidos.

- Pintar na rúa.

- Presentación da obra acabada.

Contidos:

Reforzar o coñecemento e familiarización cos distintos materiais que se usan na pintura á acuarela.

Limpeza e conservación do material, sobre todo os pinceis e o papel.

Desenvolvemento do curso:

Desenvolvemento do curso:

O obradoiro consta de 4 sesións de 3 horas cada unha. Serán os días 2, 9, 16 e 30 de abril de 2011.

1º Día: Breve repaso aos utensilios, preparación do papel, bosquejar, exercicios de degradados de cor e lavados, probas con cor e exercicios con flores. Exercicio a discreción.

2º Día: Pintura de paisaxes, dende sinxelos a máis complexos, nevadas, etc. Exercicio a discreción.

3º Día: Pintura de marinas. Distintas aguadas. Exercicio a discreción

4º Día: Se o tempo o permite, pintura ao aire libre, e exercicio libre: pintar unha acuarela de mediano formato (76x56 cm), considerada de gran formato para o exterior.

Clausura do Obradoiro.

As persoas participantes virán provistas de, cando menos, o seguinte material:

Caixa de acuarelas (non escolares, pola súa baixa calidade) ou acuarela en tubo (neste caso unha paleta de acuarelas ou prato de plástico desbotable).

Cabalete tipo trípode, ou atril de mesa.

Papel de ao menos 250 gr. O máis axeitado é de 300 ou 350 gr., moi fácil de atopar no mercado, ben en pregos ou en bloc encolados, moi útil e práctico. No caso de seren pregos soltos, un taboleiro para soportar o papel.

Tres pinceis, polo menos, de distintos tamaños: nº 16 ou máis, nº 10 e nº 6 (cada un pode proverse de máis se dispón deles), de pelo adecuado: marta, marta roxa, esquío, orella de boi ou sintéticos.

Lapis, goma de borrar (tipo plastilina, ou branda)

Un pequeno recipiente para a auga (val unha botella de auga de plástico seccionada, ou algo similar).

Por tratarse de pintura que non produce manchas insalvables no vestido non fai falla ningunha vestimenta especial, si cómoda, ou a que cada un crea ou use para pintar habitualmente.

Lugar e data de celebración:

O lugar de celebración será a Aula da Natureza do Xardín Botánico "Ría do Burgo"

Días: Os sábados, 2, 9, 16, e 30 de abril de 10:30 a 13:30 horas (total 12 horas).

Inscrición:

Dispoñemos de 15 prazas para adultos maiores de 17 anos, por rigorosa orde de inscrición, que poden facerse persoalmente, por teléfono, fax ou e-mail, no seguinte enderezo:

Concellería de Cultura, Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. Rúa Ramón Cabanillas nº 14, 15670 O Burgo (Culleredo)

Teléfono: 981 665 597, fax: 981 661 748, e-mail: servizosmultiples@gmail.com.

O custo do material do curso é de 20 €, que deberán aboar coa inscrición.

Manuel Gandullo



MANUEL GANDULLO NIEVAS

Naceu en Badolatos (Sevilla), en 1952 e, dende 1974, reside en Vertín (Sada). Foi socio fundador da Asociación de Artistas Plásticos Galegos (ARGA), na que desempeñou os cargos de secretario e presidente. Socio de honor e membro da Agrupación Española de Acuarelistas, do grupo Crisis e do grupo Cota 332.

Foi codirector do "XII Simposio Nacional de Acuarela" (Santiago de Compostela, 2004), coordinando a exposición do Simposio, "Pintando en Santiago", participando en diversas edicións deste evento e en Bienais internacionais de acuarela.

Coordinou as tres edicións dos "Encontros coa Pintura e a Poesía", organizados pola Deputación da Coruña no Pazo de Mariñán (2005-2007), os IX e X Certame de Artes Plásticas "Isaac Díaz Pardo" da Deputación da Coruña e as dúas edicións do "Simposio de Escultura" da Deputación da Coruña (2006-2007). Foi tamén coordinador de "I Diálogo de Pintura e Poesía" de Culleredo (2008) e, durante varios anos, das Feiras de Artes Plásticas organizadas por ARGA na Coruña, Lugo e Baiona.

Nos últimos anos ten realizado **exposicións individuais** en A Coruña, Cambre, Ourense, Pontevedra, Lugo, Sada, Cambados, Madrid, Londres, Granada, Cedillo de la Torre, Padrón, Culleredo, Sevilla, Santiago, Aranda de Duero, Betanzos, Noia ou Santander.

Ten participado en **exposicións colectivas** na Coruña, Betanzos, Oleiros, Tenerife, Verín, Sada, Ferrol, Madrid, Arequipa, Santiago, Saverdera, San Jaume de Llerca, Culleredo, Barcelona, Silleda, Vigo, Milán, La Alberca, Porto do Son, Brión, La Haya, México, Copenhagen, Vordinborg, Esbjerg, Ribe Amt, Alborg, Herming (Dinamarca), Bilbao, Pontevedra, Noia, Portosín, As Pontes, Passau (Alemania), Zaragoza, Segovia, Burgos, Palencia, León, Salamanca ou Ávila.

Posúen obra súa en Concellos como Cambre, Sada, Culleredo, Betanzos, Baiona, Brión, Porto do Son, La Alberca, As Pontes, e outras institucións públicas e privadas.

Recibiu unha mención de honor á mellor acuarela, "A Sirenita", da Fundación Hans Christian Andersen (2005), e ilustrou o poemario In Aeternum, do poeta Pablo Bouza (2007).

A súa obra, comentada por varios críticos e escritores, aparece recollida en diversos catálogos de exposicións e libros de artistas.